



DOCUMENTO NO QUE SE RECOLLE O PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMENTO COMO SERVIZOS PRESTADOS DOS DÍAS CORRESPONDENTES ÁS VACACIÓNS ABOADAS NON GOZADAS.

- 1. Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do once de outubro de dous mil un aprobouse o aboamento de oficio da parte proporcional das vacacións non gozadas ao persoal funcionario docente interino que realice substitucións nos centros de educación infantil, primaria, infantil e primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e de ensinanzas especiais.**
- 2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recoñecerá, de oficio, como servizos prestados no corpo correspondente, os días aboados como parte proporcional de vacacións nos gozadas ao persoal funcionario docente interino que realice ou tivese realizado substitucións nos centros de educación infantil, primaria, infantil e primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e de ensinanzas especiais, que cesase a partires do día 12.10.2001.**
- 3. Este recoñecemento de oficio realizarase a todo o persoal funcionario en situación de servizo activo, servizos especiais ou excedencia por coidado de familiares, e a todas aquelas persoas que realizaran**



unha substitución a partires do día dez de maio de dous mil doce.

- 4. O recoñecemento realizarase nos días que correspondan inmediatamente seguintes aos do cese na substitución. Como consecuencia, non se recoñecerán os días nos que se produza superposición de servizos por volver a ser nomeada a persoa que cesase para unha nova substitución.**

- 5. Non terán dereito ao recoñecemento como servizos prestados no corpo os días correspondentes ás vacacións aboadas e non gozadas nun curso académico, aquelas persoas que tiveron ou teñan un nomeamento polo mes de xullo e polos días do mes de agosto que procedesen ou, se é o caso, procedan, do mesmo curso académico, en aplicación do punto décimo oitavo do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regula o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.**

- 6. Non terán dereito ao recoñecemento como servizos prestados no corpo os días correspondentes ás vacacións aboadas e non gozadas nun curso académico aquelas persoas que nese curso acadaran a condición de persoal interino.**

- 7. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elaborará unha proposta de resolución de recoñecementos dos días de servizos prestados**



correspondentes ás vacacións aboadas e non gozadas. Esta proposta de resolución enviarase por correo electrónico a cada persoa interesada dándolle un prazo de dez días para alegacións.

8. Rematado o prazo de alegacións e analizadas as mesmas ditaranse as resolucións definitivas co recoñecemento dos días de servizos prestados correspondentes ás vacacións aboadas e non gozadas.

9. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procederá a aboar de oficio os atrasos que procedan en concepto de trienios, tomando como día no que se inicia o cómputo da prescrición o día dez de maio de dous mil dezasete.

10. Unha vez recoñecidos para os efectos de trienios os días correspondentes ás vacacións aboadas e non gozadas, as persoas interesadas poderán solicitar o recoñecemento dos sexenios, tomándose como referencia para o cómputo da prescrición a data referida no apartado anterior.